




Representación teatral

PROFETAS

ÍTACA TEATRO

SÁBADO 20 DE SETEMBRO DE 2025 - 20:30

AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

O Instituto de Estudos Chairegos, continuando co desenrolo do programa de actividades do mes de setembro de 2025, organiza a representación da obra **"PROFETAS"**, a cargo do grupo **ÍTACA TEATRO**, que contou co patrocinio da Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo, a coprodución do Centro Dramático Galego, da Xunta de Galicia, e coa colaboración e apoio do Concello de Vilalba, a Mostra de Ribadavia, o Concello de Lugo e a Deputación de A Coruña.

O acto terá lugar o **sábado 20 de setembro de 2025, ás 20:30 horas, no Auditorio Municipal de Vilalba.**

Reserva de localidades en <https://entradasvilalba.es>

Sinopse:

Ela e El vólvense atopar, moito tempo despois:

Ao longo da noite, tratarán de recompoñer as lembranzas do que foi a súa relación; os sonhos que compartiron, os medos que a truncaron, as ficcións que crearon e as cidades onde a imaxinaron xuntos.

PROFETAS presenta o encontro dunha parella que xa non o é. Dúas persoas que fan balance da súa historia común por medio doutras historias do cinema e da literatura. Cuestións como o compromiso político e artístico, o amor e a creación están presentes nunha peza que funciona como un xogo de agochados, de abismos e de saltos entre realidade e ficción. Un conto que se conta para contarnos.

Elenco:

Carlos Rebolo e Elea López

Texto e dramaturxia:

Ernesto Is

Iluminación, espazo sonoro e dirección:

Carlos Álvarez-Ossorio

Deseño e creación de máscara:

Marga Portomeñe

Escenografía, vestuario e produción:

Itaca Teatro

Deseño Gráfico:

La Cosa Gráfica

Redes sociais:

Insono

Fotografía:

Las fotos del César

Guía didáctica:

maisqueateatro

Vídeo e tráiler:

Granero Vídeo

Vídeos promocionais:

Patricia Barreda

Distribución e comunicación:

Carlos Iglesias

Agradecementos:

María García, Youssef Salimi, Julio Seijas, Juan Rivas, Autos

Galicia, Celia Rodríguez

Duración: 80 minutos

Público: mozo e adulto



A COMPAÑÍA

ÍTACA TEATRO é unha compañía lucense, fundada no 2018, que en todas as súas montaxes harmoniza o tanxible co utópico, facendo convivir sobre o palco realidade e ficción.

Itaca Teatro nace a finais de 2018, fundada por un grupo de apaixonados artistas e, dende aquela, leva estreadas cinco propostas moi diferentes, "Cinco Minutos sen respirar", "Formigas no peto", "Anacos", "Alma de grilo" ou "Instrucións para tomar café". O seu novo traballo é unha coprodución co Centro Dramático Galego titulada "Profetas". A viaxe desta compañía está marcada pola exploración constante e a procura do seu aceno de identidade única no panorama teatral. Esa procura é o fío condutor da traxectoria da compañía. Os seus espectáculos van dende o drama contemporáneo ata o teatro literario con música en directo, pasando pola narración oral e mesmo a fusión de códigos. A experimentación continúa sendo unha constante, guiando á compañía cara a novas formas de expresión e ao descubrimento da súa propia voz.